

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

IESASTELLEIRAS  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: Valores Éticos  
DEPARTAMENTO: Filosofía  
DATA: 29 Maio 2020 (1ª Revisión)

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>1ª Avaliación</b>	
<p>Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</p>	<p>Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.</p> <p>Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</p> <p>Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</p>
<b>2ª Avaliación</b>	
<p>Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</p>	<p>Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</p>
<b>3ª Avaliación</b>	
<p>Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</p>	<p>Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</p> <p>Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.</p>




Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Redacción de respostas a actividades e preguntas planteadas polo profesorado, acerca de textos, cancións, imaxes, situacións, películas, etc.
	Instrumentos: Actividades entregadas ao longo da avaliación, cunha data límite de entrega consensuada polo alumnado e o profesor
<b>Cualificación final</b>	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Nota media das dúas primeiras avaliacións, a que sumarase un máximo de dous puntos polas actividades realizadas telemáticamente ao longo da terceira avaliación
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	proba escrita na que terán que realizar unha serie de preguntas sobre as actividades realizadas ao longo do curso
<b>Alumnado de materia pendente</b>	(non procede, neste curso 2019-20)

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Elaboración de actividades de repaso e reforzo
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<u>Entrega por correo electrónico ou por Google Drive (consultado todo o alumnado, o que non dispón de conectividade, xa se solventou o problema)</u>
<b>Materiais e recursos</b>	<u>Páxinas webs, textos</u>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Correo electrónico, comunicación con titoría; eventualmente, chamada telefónica á casa do alumno
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.